

## **COMUNICACIÓN DA ASOCIACIÓN DE TÉCNICOS SUPERIORES SANITARIOS DE GALICIA (ATESSGA)**

### **Asunto: Criterio sobre o tratamento das mostras recibidas durante os días de folga**

A/A: Responsables de servizo e xerencias de área:

Unha vez finalizadas as xornadas de folga convocada polos Técnicos e Técnicas Superiores Sanitarios/as (TSS) os días 30 e 31 de outubro e 3 e 4 de novembro, esta Asociación Profesional considera oportuno trasladar, ante a inexistencia dun acordo final de folga, o seguinte criterio orientador (lógicamente non vinculante) respecto ao manexo das mostras que puideron quedar pendentes de procesar durante o exercicio do dereito de folga.

#### **1. Contexto e principio xeral**

A folga desenvolveuse dentro da legalidade, cos servizos mínimos establecidos e coa máxima responsabilidade profesional. O seu obxectivo foi visibilizar a relevancia esencial dos TSS no funcionamento ordinario dos servizos sanitarios, e consideramos que este obxectivo foi plenamente acadado.

Durante esas xornadas, o traballo técnico ordinario quedou interrompido, producíndose a lóxica acumulación de mostras non procesadas. Este feito constitúe un efecto natural e lexítimo da folga, amparado polo artigo 28.2 da Constitución Española.

En termos xerais —coa salvidade de incidencias puntuais atribuíbles a actitudes individuais (máis das que deberan)— consideramos que a actuación do Servizo Galego de Saúde, na súa globalidade, foi correcta e respectuosa.

#### **2. Criterio xurídico e sanitario**

Concluída a folga, non procede recuperar nin compensar de forma masiva o traballo non realizado, xa que iso equivalería a neutralizar o efecto real da folga e podería interpretarse como unha vulneración do dereito fundamental exercido.

Non obstante, recoñécese que poden existir situacións clínicas excepcionais nas que o interese asistencial xustifique o procesamento dalgunhas mostras, sempre que:

- exista xustificación sanitaria documentada,
- se faga constar expresamente que a realización se debe a criterios clínicos e non organizativos, e
- se evite atribuír esa carga de traballo como recuperación do paro.

### 3. Proposta de actuación equilibrada

Dende ATESSGA propomos o seguinte:

- Procesar unicamente as mostras recibidas tras a finalización da folga, correspondentes á actividade normal restablecida.
- As mostras recibidas durante a folga e non urxentes deberán considerarse caducadas ou non válidas, rexistrando como causa: “non procesada por folga legal do persoal técnico sanitario”.
- Repetir as probas, se fose necesario, mediante nova toma de mostra, garantindo as condicións clínicas adecuadas.

### 4. Mensaxe final

Os TSS demostraron nestes días un exercicio exemplar de responsabilidade e cohesión profesional. A folga cumpriu o seu propósito: facer visible o impacto real do noso traballo e o valor do noso colectivo dentro do sistema sanitario.

Correspóndenos agora retomar a actividade con normalidade, mantendo o respecto institucional e profesional que caracteriza a nosa función esencial no servizo público de saúde.

Emitimos este criterio orientador ante a ausencia dun acordo de fin de folga, que normalmente recollería as pautas para regular estas situacións. Neste caso, ao non ter sido recibidos polo Ministerio, non se puido formalizar dito acordo de criterios xerais, quedando esta cuestión pendente.

Atentamente,

**Asociación de Técnicos Superiores Sanitarios de Galicia (ATESSGA)**

C/ Hórreo 7, 1º esq. | 15702 Santiago de Compostela

Mail: [presidencia@atessga.org](mailto:presidencia@atessga.org) | ☎ 651 54 22 91

Web: [www.atessga.org](http://www.atessga.org)